

Excmo. Sr.:

A Xefatura de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa a esta Dirección Xeral o seguinte:

1º.- Que o 30 de marzo de 1979, foi suscrito por ICONA e a Sociedade Agraria de Transformación nº. 16.944. o Convenio do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2716503.

2º.- - Queo 4 de xaneiro do ano en curso, os actuais propietarios do monte D..JOSE NEIRA ALVAREZ, D. MANUEL LOPEZ FERNANDEZ, D. JOSE GOMEZ BERMUDEZ, D. JOSE RAMOS LOPEZ, D<sup>a</sup> JOSEFINA GONZALEZ FERNANDEZ, D. MANUEL RODRIGUEZ ALVAREZ, D. JOSE LOPEZ RODRIGUEZ, D. MANUEL NEIRA LOPEZ, D. ANTONIO PRADOS LOPEZ, D. OCTAVIO NEIRA FERNANDEZ, D. RAMIRO LOPEZ LOPEZ, D<sup>a</sup> CARMEN LOPEZ FERNANDEZ, D. FRANCISCO RODRIGUEZ FERNANDEZ, D. BENIGNO LOPEZ PRADO, D<sup>a</sup> MARIA OLIVA FERNANDEZ ALVAREZ, D. ARMANDO LOPEZ FERNÁNDEZ, D. JOSE PÉREZ VARELA, D. MANUEL VEGA LOPEZ e D<sup>a</sup>. JOSEFA LORIDO FERNANDEZ han otorado Poder Notarial a favor dos tamén propietarios D. JOSE LOPEZ LOPEZ e D. ALFREDO GEGUNDE NEIRA, para que, en nome propio e no dos poderdantes, solicitanse da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura do novo Convenio para o monte "RESTELO E PEDRUÑALES", que anulase a substituíse o actualmente vixente.

3º.- Que o 10 de Xaneiro, reunidos no lugar de Bullán, D. JOSE LOPEZ LOPEZ e D. ALFREDO GEGUNDE NEIRA acordaron propoñer á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun novo Convenio para o monte "RESTELO E PEDRUÑALES".

4º.- Que o 15 de xaneiro esta Xefatura dirixiúse á Sociedade Agraria de Transformación nº 16.944, con o rogo de que remitíse Certificación do Acordo que adouptase, manifestando a súa conformidade ou disconformidade con que o actual Convenio do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2716503, se cancelase e fose substituído por outro a suscribir entre os veciños de Bullán e Coto, actuais propietarios e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

5º.- Que o 2 de febreiro a Xunta Recstora da Sociedade Agraria de Transformación nº 16.944 prestou a súa conformidade a cancelación do Convenio do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2716503.

6º.- Que en consecuencia, o monte "RESTELO E PEDRUÑALES", do novo Convenio que se propoñe, queda integrado por:

210 Hás. do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2716503.

7º.- Que o Convenio segue tendo por obxecto a conservación e tratamento selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

8º.- Que as superficies do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2716503, son:

superficie total. ....	210 Hás.
superficie repoboada.....	210 "

Como integramente pasan o novo Convenio, as que figuran en éste, son:

superficie total. ....	210 Hás.
superficie repoboada. ....	210 "

9º.- Saldos das contas do Anticipo Reintegrable e dos Ingresos do Convenio do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2716503.

O 31 de decembro do 1995 e conforme coa Certificación que se adxunta, son os seguintes:

Anticipo Reintegrable.....	6.479.972,- Ptas.
Ingresos Consellería. ....	9.347.775,- "

10º.- E como os ingresos son superiores os gastos, a conta do novo Convenio do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", abrírase cun saldo favorable a Propiedade de:

9.347.775,- pesetas - 6.479.972,- pesetas ..... 2.867.803,- Ptas.

Á vista de todo iso, propoñemos a V.E.:

1.- Que se aprrobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "RESTELO E PEDRUÑALES".

Número: 2717556.

Superficie: 210 Hás.

Pertenza: D. JOSE LOPEZ LOPEZ e outros veciños de Bullán e Coto.

Termo municipal: Becerreá.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 14 de marzo de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E  
INDUSTRIAS FORESTAIS,



A circular blue stamp from the Xunta de Galicia, Servicio de Montes. The text around the perimeter reads "XUNTA DE GALICIA" at the top and "SERVICIO DE MONTES" at the bottom. In the center, there is a smaller emblem and the text "SERVICIO DE MONTES". A handwritten signature in blue ink is written over the stamp.

Asdo.: Plácido Baamonte López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de cancelación do Convenio 2716503 e da firma dun novo convenio que o substitue entra a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e D. JOSE LOPEZ LOPEZ e D. ALFREDO GEGUNDE NEIRA, que actúan en nome propio e en representación dos restantes propietarios do monte "RESTELO Y PEDRUÑALES", de 210 Hás. e sito no termo municipal de Becerreá (Lugo), e a vista dos informes favorables, emitido pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do debandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M<sup>a</sup> José Tato Rocha.

ILMO. SE DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE  
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "RESTELO E PEDRUÑALES".

Elenco: 2717556.

Superficie: 210 Hás.

Pertenza: D. JOSE LOPEZ LOPEZ e outros veciños de Bullán e Coto.

Termo municipal: Becerreá.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Propiedade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2717556, se abra cun saldo favorable a Propiedade de 2.867.803.- pesetas, sen perxucio dos gastos e ingresos que puideran ter a do Convenio do monte "RESTELO E PEDRUÑALES", 2716503, con posterioridade ó seu peche.

3º.- Que se cancele o Convenio do monte das seguintes características:

Nome: "RESTELO E PEDRUÑALES".

Número: 2716503.

Superficie: 210 Hás.

Pertenza: Sociedade Agraria de Transformación nº 16.944.

Termo municipal: Becerreá.

Santiago de Compostela, 19 marzo de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

**G. O N V E N I O**

N.º	271	7556
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a ..... de ..... de mil novecentos noventa e .....

**R E U N I D O S**

Dunha banda, D. **TOMAS PEREZ VIDAL** ....., Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. **JOSE LOPEZ LOPEZ**, con D.N.I. nº. 34.205.782, veciño de Bullán, municipio de Becerreá e D. **ALFREDO GEGUNDEZ NEIRA**, con D.N.I. nº. 33.328.296, veciño de Coto, - municipio de Becerreá

como representantes dos propietarios do monte "**RESTELO Y PEDRUÑALES**" ....., segundo se acredita no poder notarial que se xunta.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

**E X P O Ñ E N**

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexerese polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos ~~Convenios~~ **Convenios** subscritos con datas do **30 de Marzo de 1.979** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este ~~Convenio~~ **Convenio** na parte afectada polo presente documento.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do ~~Convenio~~ **Convenio** anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~Convenio~~ **Convenio** d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do anterior, que continuará pertencendo ós propietarios (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio son propiedade dos outorgantes do poder notarial, e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"RESTELO Y PEDRUÑALES"**

Termo Municipal: **Becerreá**

Provincia: **LUGO**

Límites:

**N**: PARCELA I.- N.- Termos municipais de Baleira e Navia de Suarna; L.- Termo municipal de Navia de Suarna; S.- Propiedades particulares e O.- Termo municipal de —

**S**: Baleira.

PARCELA II.- N.- Propiedades particulares; L.- Termo municipal de Navia de Suarna;

**X**: S.- Camiño e O.- Propiedades particulares e monte da parroquia de Quintá.

O:

Superficie: **210 (DUASCENTAS DEZ) Hás.**

Estado forestal: **210 (DUASCENTAS DEZ) Hás. repoboadas.**

Con arborado pertencente ós propietarios do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do **Convenio** anterior, que se converte e anula: **210 (DUASCENTAS DEZ) Hás.**

Sen vexetación arbórea: - - -

Servidumes: - - -

### TÍTULO DE PROPIEDAD

Por **herdanza dos seus antepasados.**

Inscrita no Rexistro da Propiedade de - - -

Tomo (s) - - -

Folio (s) - - -

Finca (s) - - -

Inscripción (s) - - -

3ª.— O chan continuará pertencendo a **D. JOSE LOPEZ LOPEZ, D. ALFREDO GEGUNDEZ NEIRA e demais veciños otorgantes do Poder Notarial o 4 de Xaneiro de 1.996**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do **Convenio** sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dea lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizárase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

Así mesmo satisfará a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes o importe total que corresponda da cota empresarial da Seguridade Social Agraria. Este pagamento terá a consideración de anticipo e como tal se recolle- rá na conta do convenio.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán parcial ou totalmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenca entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicarase á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de **Convenios** ~~consorcios~~ a converter é como segue: **210 Hás. do monte "RESTELO Y PEDRUÑALES", 2716503.**

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o **trinta** por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o **setenta** por cento restante, para ós propietarios do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o ..... por cento, e ós propietarios, o ..... por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso ós propietarios.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade dos propietarios, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola propiedade do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo que se cree, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscritable no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de **trinta** anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie a utilizar para a repoboación forestal dos montes será~~ **O monte está repoboado con P. pinaster e P. radiata.**

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

*Jose Lopez Lopez*

*Alfredo Gegundez*

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

*Jose Lopez Lopez*

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdº.: José López López.

*Alfredo Gegundez*



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13/12/93)

Asdº.: Alfredo Gegundez Neira.

En el lugar de Bullán, término municipal de Becerreá, siendo las doce horas del día 10 de Enero de 1.996, se reúnen D. JOSE LOPEZ LOPEZ, con D.N.I. nº. 34.205.782, vecino de Bullán y D. ALFREDO GEGUNDEZ NEIRA, con D.N.I. nº. 33.328.296, vecino de Coto,

en nombre propio y en el de D. JOSE NEIRA ALVAREZ, D. MANUEL LOPEZ FERNANDEZ, D. JOSE RAMOS LOPEZ, D<sup>a</sup>. JOSEFINA GONZALEZ FERNANDEZ, D. MANUEL RODRIGUEZ ALVAREZ, D. JOSE LOPEZ RODRIGUEZ, D. MANUEL NEIRA LOPEZ, D. ANTONIO PRADOS LOPEZ, D. OCTAVIO NEIRA FERNANDEZ, D. RAMIRO LOPEZ LOPEZ, D<sup>a</sup>. CARMEN LOPEZ FERNANDEZ, D. FRANCISCO RODRIGUEZ FERNANDEZ, D. DOMINGO LOPEZ PRADO, D<sup>a</sup>. MARIA OLIVA FERNANDEZ ALVAREZ, D. ARMANDO LOPEZ FERNANDEZ, D. JOSE PEREZ NEIRA, D. MANUEL VEGA LOPEZ y D<sup>a</sup>. JOSEFA LORIDO FERNANDEZ, en virtud del Poder Notarial otorgado en Lugo el 4 del mes en curso, acuerdan:

proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un nuevo Convenio para el monte "RESTELO Y PEDRUÑALES", de 210 Hás. de superficie.

*Jose Lopez Lopez*

*Alfredo Gegundez*